

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xaneiro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**NON ASISTEN:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de xaneiro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local accta., Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral acctal, Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2008 COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS E COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO. EXPTE. 2458/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 02-01-08, do xefe do servizo de Animación SociocD<sup>a</sup> Laura López Atriocultural, conformado polo concelleiro delegado de área e pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprrobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo, a Agrupación de Centros deportivos e culturais e a Federación de Peñas recreativas El Olivo, para a organización da programación do Entroido 2008, que terá lugar na nosa cidade do 31 de xaneiro ó 6 de febreiro.

2º.- Que se faculte ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado

convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe total de 116.345 euros, en concepto do estipulado no referido convenio, con cargo á bolsa de vinculación das partidas 4512.226.0803 (Actividades do Entroido) e 4512.227.0606 (Convenio de organización do Entroido) do programa orzamento de Animación sociocultural para o vixente exercicio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais (CIF G-36.791.291) polo importe de 69.807 euros e a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666) polo importe de 46.538 euros.

4º.- Que os citados pagamentos se realicen a través da conta de habilitación de Animación sociocultural 2080-0000-77-0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN  
PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2008*

Vigo, xaneiro de dous mil oito,

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Xesús López Carreira, concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47 - 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*e D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.*

*En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".*

*Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio*

*MANIFESTAN*

*1. Que o Entroido é un dos eventos festivos populares mais participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista no canto de ser mera espectadora; a rúa como espazo privilexiado das festas.*

*2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco, etc..*

*3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local.*

*4. Que dende o ano 96 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo,*

*cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.*

*Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

## *CLÁUSULAS*

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización do programa de animación sociocultural do ENTROIDO 2008 que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de programa das actividades e bases dos diferentes concursos que se incorporan no anexo 1º deste convenio.*

*Segunda.- A programación do ENTROIDO 2008 levarase a cabo na cidade de Vigo entre os días 31 de xaneiro ao 6 de febreiro, ambos inclusive, no centro da cidade e nos lugares concretos que se indican no proxecto de programa.*

*A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.*

*Terceira.-*

*1º.- O concello de Vigo establece unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos de para o ENTROIDO 2008, de 116.345,00 euros, que se financiarán con cargo á bolsa de vinculación dos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.*

*2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ás actividades realizadas; conforme as seguintes contías e mediante transferencia bancaria ás contas correntes:*

- 69.807,00 euros (equivalente ó 60% do importe total) á conta nº 2091.0540.04.3040003578 domiciliada en Caixa Galicia, da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF- G-36.791.291;*
- 46.538,00 euros (equivalente ó 40 % do importe total) á conta nº 2080.0020.16.0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G-36.704.666.*

*3º.- Ingresos á conta: co gallo de facilitar a administración e produción, tramitarase de oficio, un anticipo dun 40% das contías parciais (40% de 69.807 = 27.922,80 euros; e 40% de 46.538 €= 18.615,20 euros), que se xustificará nos tres meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento liquidarase previa presentación da correspondente memoria e avaliación das actividades desenvolvidas, informe de execución comprensivo das accións realizadas e relacións dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar.*

*Cuarta.- Estabélcese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da concellería de Animación Sociocultural:*

- Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*

*Interlocutor titular: José Lourido Penedo.*

*Interlocutor suplente: Roberto Giráldez Barbeitos.*

- *Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:*

*Interlocutor titular: Balbino Moreira Vallez.*

*Interlocutor suplente: Juan Carlos Padín Nieto.*

*Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, un técnico adscrito ó servizo de Animación Sociocultural.*

*Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portófonos ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.*

*Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.*

*A comisión presentará na Concellería de Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.*

*Quinta.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:*

- 1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*
- 2. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 3. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- 4. Contratar todos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:*
  - *Actuacións musicais, orquestras e grupos folk.*
  - *Infraestruturas para a produción: valados de seguridade, escenarios, megafonía no percorrido dos desfiles, portófonos e outra necesaria.*
  - *Iluminación ornamental para os espazos adicados ó Entroido.*
  - *Escenografía do pregón e da entronización, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.*
  - *Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil e xuvenil.*
  - *Servizos de primeiros auxilios.*
  - *Decoración dos palcos.*
  - *Reportaxe fotográfica*
  - *Agasallos ós membros do xurado.*
  - *Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*

*Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.*

1. *Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:*
  - *1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido.*
  - *20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.*
  - *6 lonas para os fondos dos palcos, escenarios e percorridos: Praza da Constitución, Porta do Sol, Praza do Rei, Estación Marítima da Ría, Praza de Compostela, reproducindo o cartel do “Entroido 2008” incorporando os logotipos das entidades colaboradoras, Concellería de Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo.*
2. *Dotar a estes eventos do persoal voluntario necesario conforme ao seguinte:*
  - *Os voluntarios deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que lles indique.*
  - *Durante o desenvolvemento dos actos non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas.*
3. *Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.*
4. *Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*
5. *Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.*
6. *Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*
7. *Presentar na Concellería de Animación Sociocultural a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).*
8. *Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido 2007 e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería poderá facilitar á comisión organizadora o cartel referencial do Entroido que resulte gañador no concurso convocado ó efecto. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.*
9. *Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido 2008.*
10. *Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.*
11. *Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen os desfiles de comparsas e enterro do*

*Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.*

12. *Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas previstos conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo III a este convenio.*

*Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:*

1. *O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade indicada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2008, segundo o presuposto que figura no anexo II.*
2. *A Concellería de Cultura e Animación Sociocultural xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias*
3. *Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2008.*

*Sétima.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2008 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.*

*Oitava.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.*

*Novena.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente la lingua galega.*

*O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría Cultura e Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*

*A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.*

*Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.*

*Décima.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.*

*Décima primeira.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo, no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais previa solicitude de prórroga das entidades que constitúen a Comisión Colaboradora, xunto ó acordo dos órganos competentes de ambas as entidades, no cal recolleranse as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo segunda.- O concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

POLO CONCELLO DE VIGO:

O concelleiro delegado de Animación Sociocultural

Xesús López Carreira

POLA COMISIÓN ORGANIZADORA:

Agrupación de Centros  
Deportivos e Culturais

José Lourido Penedo

Federación de Peñas recreativas  
“El Olivo”

Balbino Moreira Vallez

### ANEXO I

#### PROGRAMACIÓN ENTROIDO 2008

Xoves, día 31 de xaneiro:

- 1ª Quenda do concurso de coplas
  - Hora.- de 19:00 a 22:00
  - Lugar.- Praza da Constitución

Venres, día 1 de febreiro:

- 2ª Quenda do concurso de coplas
  - Hora.- de 19:00 a 22:00 horas
  - Lugar.- Praza da Constitución
- Pregón.
  - Hora.- 21:00 horas
  - Lugar.- Praza da Constitución
  - Pregoeiro.- .....
- Entronización do Meco
  - Lugar: Praza da Constitución
  - Hora.- 21:30 horas
- Actuación:
  - Lugar: Praza da Constitución
  - Hora.- 23:00 horas
  - Actuacións musicais de .....

Sábado, día 2 de febreiro:

- Desfile do concurso de comparsas e carrozas.
  - CONCENTRACIÓN:  
Hora.- 18:00 horas

*Lugar:- Peirao de Transatlánticos da Autoridade Portuaria.*

■ *DESFILE:*

*Hora: 19:00 horas*

*Percorrido: Rúa das Avenidas, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Montero Rios, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, peirao de Transatlánticos (final).*

- *Verbena*
  - *Lugar:- Porta do Sol*
  - *Hora.- 22:30 horas*
  - *Orquestras: .....*

*Domingo, día 3 de febreiro:*

- *Entroido infantil*
  - *Lugar.- Praza do Rei, lonxa do Concello e Auditorio Municipal.*
  - *Hora.- de 16:00 a 20:00 horas*
  - *Actividades lúdicas, obradoiros, inchables.*
  - *Obradoiro de construción de disfraces*
  - *Festa fareleira*

*Luns, día 4 de febreiro:*

- *Entroido xuvenil*
  - *Lugar: Praza do Rei*
  - *Hora.- 18:00 horas*
  - *Actuación grupo tradicional de gaiteiros*
  - *Festa aguaceira e fareleira.*
- *Festival Folk*
  - *Lugar.- Praza da Constitución*
  - *Hora.- de 19:30 a 22:00 horas*
  - *Actuacións musicais: .....*

*Martes, día 5 de febreiro:*

- *Entroido para todos*
  - *Lugar.- Praza do Rei*
  - *Hora.- de 16:00 a 20:00 horas*
  - *Concurso de repostería do entroido.*
  - *Concurso de disfraces.*
    - *Categorías/anos: infantil (ata 12 anos) e xeral (de 12 ó infinito).*
  - *Chocolatada e rosquillada*
- *Verbena*
  - *Lugar: Porta do Sol*
  - *Hora.- 22:30 a 02:00 horas*
- *Desentronización do Meco*
  - *Lugar:- Praza da Constitución*
  - *Hora.- 23:30 horas*
  - *Comitiva de acompañamento previa ó xuízo.*
- *Xuízo, sentenza e queima do Meco*
  - *Lugar.- Praza do Rei*
  - *Hora.- 23:45 horas*



Mércores, día 6 de febreiro:

- *Velorio das cinzas do Meco.*
  - *Lugar: Praza da Constitución-Porta do Sol*
  - *Hora.- 18:30 horas*
- *Enterro das cinzas do Meco*
  - **CONCENTRACIÓN:**  
*Hora.- 19:00 horas*  
*Lugar.- Porta do Sol*
  - **DESFILE DO CORTEXO:**  
*Hora.- 20:00 horas*  
*Percorrido: Policarpo Sanz, Colón, Praza de Compostela, García Olloqui, Montero Ríos, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, Estación Marítima da Ría.*
- *Responsos, sepelio e lectura do testamento*
  - *Lugar: Estación Marítima da Ría*
  - *Hora.- 21:15 horas*
  - *Lectura da acta do xurado dos premios do concurso de comparsas*

ANEXO II

ORZAMENTO “ENTROIDO 2008”

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
ORQUESTAS	12.000,00 €
ILUMINACIÓN	14.000,00 €
SON	5.000,00 €
PALCOS E CARPAS	1.500,00 €
S.G.A.E	900,00 €
SERVICIO DE ORDE	22.000,00 €
GRUPO DE TRABAJO	6.000,00 €
REPORTAXE FOTOGRÁFICA	600,00 €
IMPRESA	3.000,00 €
MECO	6.500,00 €
CRUZ VERMELLA	700,00 €
TRANSPORTES	1.000,00 €
VARIOS (ENTRONIZACIÓN, AGASALLOS...)	6.450,00 €
ENTROIDO DOS NENOS	6.000,00 €
CONCERTO FOLK	2.000,00 €
VALADOS DE SEGURIDADE	3.045,00 €
PRODUCCIÓN ORGANIZACIÓN	6.000,00 €
PREMIOS DOS CONCURSOS	25.650,00 €
TOTAL	122.345,00 €

INGRESOS

CONVENIO CONCELLO DE VIGO	116.345,00 €
APORTACIÓN ORGANIZACIÓN	6.000,00 €

TOTAL	122.345,00 €
-------	--------------

### ANEXO III

#### BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS, CARRROZAS E DISFRACES DO ENTROIDO

*Primeira.- A Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do entroido 2008 convocan o tradicional concurso de comparsas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido. Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo que establece a convocatoria anual.*

*Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, e nas datas que indique a convocatoria. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.*

*Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os establecidos na convocatoria anual.*

*Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*Os aboamentos dos premios serán tramitados na forma indicada na convocatoria anual.*

*Cuarta.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará na Casa do concello, na data e hora indicada na convocatoria anual.*

*Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.*

*Quinta.- A concentración das comparsas inscritas farase na data, lugar e hora indicada na convocatoria anual.*

*As comparsas que se presenten unha vez pasada a hora de concentración desfilarán en último lugar, se así o estima o persoal de organización.*

*Sexta.- As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións:*

*Longo: 7,00 m. / Largo: 3,50 m. / Alto: 4,00 m.*

*En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra algunha destas medidas quedará excluída directamente do desfile.*

*Así mesmo, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.*

*SÉTIMA .- A valoración dos criterios dos concursos estará determinada polo xurado disposto no palco principal e lugares indeterminados do percorrido do desfile e cortexo de acompañamento no enterro do Meco.*

*O xurado do concurso estará composto por:*

*PRESIDENTE: Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.*

*VOCAIS: Tres persoas vencelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura...*

*Un membro da comisión organizadora do Entroido 2007.*

*SECRETARIO/A: Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.*

*O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestiario, orixinalidade, coreografías, e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.*

*Queda totalmente prohibido que as comparsas se deteñan durante o desfile ó seu paso por diante do palco do xurado, así como que algún dos seus membros se dirixa a este. Nos dous casos, a comparsa quedará eliminada do concurso se así o estima o xurado.*

*OITAVA.- As comparsas inscritas participaran nas datas indicadas na convocatoria anual, no desfile de comparsas e no cortexo de acompañamento a cinzas do Meco.*

*NOVENA.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do desfile do "Enterro do Meco".*

*DÉCIMO.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelábel.*

#### **BASES DO CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO**

*Primeira.- A Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do entroido 2008 convocan o tradicional concurso de coplas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido no lugar que indique a convocatoria anual. Neste concurso poderán inscribirse todos aqueles grupos de persoas maiores de idade conforme os mínimos e máximos estabelecidos na convocatoria anual.*

*Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, nas datas que indique a convocatoria. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.*

*Xunto á inscrición achegaranse as letras das coplas e un listado co nome e idade dos compoñentes.*

*A orde de actuación será por estrita orde de inscrición no concurso*

*Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os establecidos na convocatoria anual.*

*Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*Cuarta.- A composición das coplas será libre, cun mínimo de 4 estrofas, con interpretación acompañada de música.*

*Cada agrupación poderá presentar un máximo de dúas coplas.*

*Quinta.- As letras terán que ser integramente en galego.*

*Sexta.- Valorase o enxeño e humor das letras, así como a posta en escena, composición e instrumentalización*

das mesmas.

Sétima .- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto no lugar da interpretación que designe a convocatoria anual

O xurado do concurso estará composto por:

- PRESIDENTE:** Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.
- VOCAIS:** Tres persoas vencelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura...  
Un membro da comisión organizadora do Entroido 2007.
- SECRETARIO:** Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, composición das letras, vestiario, orixinalidade, coreografías, etc.

Oitava.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do desfile "Entero do Meco".

Novena .- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décima.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelábel.

#### CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2008

#### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS .....
NIF ..... ENDEREZO .....
NÚM ..... PISO ..... LETRA ..... CP. ....
LOCALIDADE ..... TELÉFONO ..... FAX .....
.....

#### EN REPRESENTACIÓN DE:

Si mesmo.

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade denominada .....

..... CIF .....

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....

CP ..... LOCALIDADE ..... TEL ..... FAX .....

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

#### SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

.....
- Núm de compoñentes da comparsa (mínimo de 20) .....

- ¿Presenta carroza? ..... En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos:

ALTO ..... LARGO ..... LONGO .....

(Ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)

- ¿Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóbiles...)? SI  NON

En caso afirmativo, indicar cales e o seu número: .....

.....

.....

Vigo, ..... de xaneiro de 2008

SINATURA

O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidírase mediante sorteo público o día 29 de xaneiro ás 12'00 horas, na Casa do Concello (Praza do Rei, s/n).

Ó EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO 2008  
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS .....  
NIF ..... ENDEREZO .....  
NÚM ..... PISO ..... LETRA ..... CP .....  
LOCALIDADE ..... TELÉFONO ..... FAX .....  
.....

EN REPRESENTACIÓN DE:

Si mesmo.

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade denominada .....

..... CIF .....

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....

CP ..... LOCALIDADE ..... TEL ..... FAX .....

Núm conta bancaria ..... Banco ..... Oficina .....

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición do grupo: .....

Número de coplas que presenta (máximo dúas): .....

Título I: ..... Nº estrofas: .....

Título II: ..... Nº estrofas: .....

ACHEGA:

Letras das coplas

Listado con nome, apelidos e idade dos compoñentes

Vigo, ..... de xaneiro de 2008

SINATURA

A orde de actuación decidírase segundo a estrita orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello.

Ó EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

CONCURSO DE COMPARSAS, CARROZAS E DISFRACES DO ENTROIDO  
CONVOCATORIA ANO 2008

1.- PARTICIPACIÓN NO CONCURSO.

*Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 20 persoas.*

2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

*Dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria na prensa local ata as 13:30 horas do día 26 de xaneiro do ano 2008.*

3.- PREMIOS:

MODALIDADE DO CONCURSO DE COMPARSAS:

- 1º PREMIO: 2.000 euros
- 2º PREMIO: 1.500 euros
- 3º PREMIO: 1.000 euros
- 20 ACCÉSIT non acumulábeis aos tres primeiros premios de:
  - 500 euros para aquelas comparsas entre 20 e 50 compoñentes que participen no desfile de comparsas do sábado
  - 600 euros para aquelas comparsas entre 51 e 80 compoñentes que participen só no desfile de comparsas do sábado.
  - 700 euros para aquelas comparsas que teñan mais de 80 compoñentes que participen só no desfile de comparsas do sábado.

PREMIOS ESPECIAIS:

- 800 euros, á comparsa máis festeira e con música en directo, que participe no desfile de comparsas do sábado e cortexo de acompañamento no enterro do Meco, non acumulábel ós premios citados anteriormente.

PREMIOS ESPECIAIS POLA PARTICIPACIÓN NO DESFILE E CORTEXO DE ACOMPAÑAMENTO DO ENTERRO DO MECO:

- 200 euros acumulábeis ós premios e accésits anteriores para aquelas comparsas que participen no desfile de comparsas do sábado e cortexo de acompañamento no enterro do Meco, o mércores de cinza, co mesmo número de participantes nos dous eventos con algún distinto de loito no cortexo do enterro.
- 400 euros acumulábeis, aquela comparsa mellor caracterizada no cortexo de acompañamento no enterro do Meco, o mércores de cinza. Para poder optar a este premio, os/as integrantes da comparsa deberán vestir de loito rigoroso, entendendo por tal a utilización de prendas de cor negra ou morada na súa totalidade. En todo caso, será o xurado do concurso o único con capacidade para valorar este aspecto.

MODALIDADE DO CONCURSO DE CARROZAS:

- 1º PREMIO: 300 euros
- 2º PREMIO: 200 euros
- 3º PREMIO: 100 euros

*Poderán participar todas as carrozas asistentes e previamente inscritas xunto á comparsa, que participen no desfile de comparsas e cortexo de acompañamento no enterro do Meco. Estes premios son acumulábeis este premios e accésits anteriores.*

#### MODALIDADE DO CONCURSO DE DISFRACES.

- 150 euros para categoría infantil (até os 12 anos)
- 150 euros para categoría xeral (mais de 12 anos)

Nesta poderán participar todas as persoas presentes na Praza do Rei o martes, día 5 de febreiro, sen necesidade de inscrición previa. Para iso deberán desfilar polo escenario instalado ao efecto, ben individualmente, como en parellas, tríos, etc.

#### 4º.- SORTEO DO DESFILE DE COMPARSAS

Día 29 de xaneiro, ás 12:00 horas na Casa do Concello.

#### 5º.- LUGAR DE CONCENTRACIÓN E PERCORRIDOS.

- DESFILE DE COMPARSAS:

##### ► CONCENTRACIÓN:

Hora.- 18:00 horas.

Lugar.- Peirao de Transatlánticos da Autoridade Portuaria.

##### ► DESFILE:

Hora: 19:00 horas

Percorrido: Rúa das Avenidas, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Montero Rios, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, peirao de Trasatlánticos (final).

- CORTEXO DO ENTERRO DO MECO:

##### ► CONCENTRACIÓN:

Hora.- 19:00 horas

Lugar.- Porta do Sol

##### ► DESFILE DO CORTEXO

Hora.- 20:00 horas

Percorrido: Policarpo Sanz, Colón, Praza de Compostela, García Olloqui, Montero Rios, Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, Estación Marítima de Ría.

#### 6º.- PAGO DOS PREMIOS.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

### CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO CONVOCATORIA ANO 2008

#### 1.- PARTICIPACIÓN NO CONCURSO.

As persoas maiores de 14 anos, agrupadas nun mínimo de 6 e máximo de 25 compoñentes.

Os compoñentes dunha agrupación non poderán participar noutro grupo distinto.

Número máximo de grupos participantes: 10, seleccionados por rigorosa orde de inscrición.

## 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria na prensa local ata as 13:30 horas do día 26 de xaneiro do ano 2008.

## 3.- PREMIOS:

- 1º PREMIO: 600 euros.
- 2º PREMIO: 400 euros
- 3º PREMIO: 200 euros
- 7 ACCÉSITS non acumulábeis ós premios anteriores: 150 euros

Calquera destes premios poderá quedar deserto se así o considera o xurado.

## 4.- LUGAR DE INTERPRETACIÓN

Praza da Constitución.

Hora: de 19:00 a 22:00 horas

- 1º QUENDA.- xoves, día 31 de xaneiro
- 2º QUENDA.- venres, día 1 de febreiro

## 2.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA EMIGRANTES RETORNADOS E INMIGRANTES NESTE CONCELLO. EXPTE. 27595/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.12.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Acción Social conformado pola concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre Concello de Vigo e a Secretaría Xeral de Emigración da Consellería da Presidencia, para desenvolver un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste Concello, durante este ano 2008, de acordo co texto e a dotación orzamentaria remitida pola Secretaría Xeral de Emigración.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA EMIGRANTES RETORNADOS E INMIGRANTES NESTE CONCELLO.**

En Santiago de Compostela, a de xaneiro de 2008

REUNIDOS

Dunha banda, D. Manuel Luís Rodríguez González, na súa condición de secretario xeral de Emigración, nomeado polo Decreto 419/2005, do 25 de agosto, en nome e representación da Xunta de Galicia e, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, pola que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da



*Presidencia da Xunta de Galicia.*

*E doutra, D. Abel Caballero Álvarez, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente do mesmo.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas*

#### **MANIFESTAN**

*I.-Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 3 da Lei de contratos das administracións públicas.*

*II.-Que segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2006 o Concello de Vigo ten censados un total de 11.245 estranxeiros, aos que hai que engadir os emigrantes retornados e os seus descendentes.*

*III.- Que segundo o Decreto 231/2005, do 11 de agosto polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2006, de 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a determinación das bases e criterios da política de integración social e laboral dos inmigrantes e dos retornados promovendo a participación e colaboración de tódolos axentes sociais nas actuacións que se van realizar.*

*IV.-Que, ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado o 31 de xaneiro de 2007 entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Vigo, estase a desenvolver un programa de asesoramento xurídico e socio-laboral para inmigrantes e emigrantes retornados.*

*V.-Que, dado o anterior, considérase necesario dar continuidade para os anos 2008 e 2009 ao dito proxecto de atención a estes colectivos, como medio para contribuír á súa mellor integración social e laboral, e así atender as peticións de información que están a presentar.*

*Este programa vense desenvolvendo nos principais concellos galegos e dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaria xeral tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Concello de Vigo como idóneo, non sendo posible promover a concorrência pública.*

*VI.-Á marxe do anterior, con data 6 de outubro de 2005, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en nome da Xunta de Galicia, e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo. O convenio, que foi asinado con data 25 de outubro de 2005, ten duración anual, prorrogándose automaticamente salvo no referente ás contías económicas.*

*As actuacións desenvolvidas pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de atención á poboación inmigrante extracomunitaria son consontes co establecido no “Marco de Cooperación para la Gestión del Fondo de Apoyo a la Acogida y la Integración de Inmigrantes” documento onde se establecen os eixos e liñas de actuación que permitan dar cumprimento ao fin establecido no convenio de referencia, configurado como a promoción da acollida, integración e reforzo educativo das persoas inmigrantes.*

*Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,*

#### **ACORDAN**

*subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de información, orientación e*

asesoramento xurídico e socio-laboral, con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a colaboración para o desenvolvemento no Concello de Vigo dun programa integral de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes e emigrantes retornados neste concello, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo.

### SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O Programa, que está dirixido a inmigrantes e emigrantes retornados, consistirá no funcionamento dunha unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral por parte do concello que desenvolverá as seguintes actuacións:

- Informar a estes colectivos sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado. Neste sentido, asesorará na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que este colectivo precise, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Promover a incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria, incluso a traveso de intervencións individuais e familiares.

### TERCEIRA.- Orzamento

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas na cláusula anterior a Secretaría Xeral de Emigración achegará, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2008, unha vez aprobados, a cantidade de oitenta e un mil oitocentos cincuenta e catro euros (81.854€). Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.460.0 que se inclúe no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Para o ano 2009 farase unha achega de oitenta e tres mil catrocentos noventa e un euros (83.491€), con cargo á mesma aplicación orzamentaria condicionada a súa aprobación.

Por isto tramitase expediente anticipado de gasto, o amparo da Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde de 27 de novembro de 2000 e pola Orde de 25 de outubro de 2001.

As achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración serán destinadas a sufragar os gastos do persoal necesario para o funcionamento da oficina sinalada na cláusula anterior, persoal da oficina entre o que deberá figurar, en calquera caso, un/unha licenciado/a en dereito especializado/a nas áreas de estranxeiría e emigración.

De non xustificaren o importe total do orzamento obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, a Secretaría Xeral de Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado.

### CUARTA.- Forma de pagamento

A Secretaría Xeral de Emigración realizará os pagamentos contra certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control no concello, previa conformidade do secretario xeral de Emigración.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización da vixencia do convenio, excepto que

*pola propia natureza do gasto este se teña que pagar con posterioridade, tales como as cotizacións a seguridade social correspondentes ao mes de decembro e a retención do I.R.P.F referente ao último trimestre do ano.*

*De conformidade co artigo 16º.2.Un do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente, segundo as limitacións e requisitos establecidos no citado Decreto.*

*Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vigo deberá comunicar á Secretaría Xeral de Emigración a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O concello someterase á normativa vixente en materia de subvencións, constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento, en canto sexan de aplicación.*

#### *QUINTA.- Modificación do Convenio.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.*

*A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.*

#### *SEXTA.- Comisión de Seguimento*

*Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.*

*Esta comisión estará composta en representación da Secretaría Xeral de Emigración polo secretario xeral de Emigración, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e polo alcalde do concello o seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.*

*A comisión terá as seguintes funcións:*

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.*
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.*

#### *SÉTIMA.- Causas de resolución.*

*Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:*

- *O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- *A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- *A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*

*OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.*

*1.- O concello obrígase a:*

- *Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración da Secretaría Xeral de Emigración e o seu correspondente logotipo. Así mesmo, consonte ao establecido no punto VI da parte expositiva do convenio, naquelas actuacións dirixidas á poboación inmigrante extracomunitaria deberase facer constar a participación e colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o seu correspondente logotipo.*
- *Remitir semestralmente á Secretaría Xeral de Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.*
- *Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral de Emigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.*
- *Ter informada á Secretaría Xeral de Emigración do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como do lugar e horario de realización das mesmas.*
- *Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral de Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- *Participar nas accións formativas e divulgativas que dende a Secretaría Xeral de Emigración se organicen en materia de inmigración e retorno e que vaian en beneficio do traballo a desenvolver.*

*2.- A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

*Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

*Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4. do decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.*

*De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Tamén de conformidade co artigo 11 da devandita Lei, esta secretaría fará pública no DOG, así como na páxina web galiciaaberta.com, a celebración do presente convenio.*

*De acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración remitirá a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar orixinal ou fotocopia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos da súa inscrición en dito rexistro.*

#### *NOVENA.- Relación laboral.*

*A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral de Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.*

*A Secretaría Xeral de Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte do concello das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar os servizos obxecto deste convenio.*

*A Secretaría Xeral de Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados polo Concello para a execución deste Convenio.*

*O control da actividade laboral, e o exercicio das facultades empresariais sobre ditos traballadores, corresponde exclusivamente ao Concello de Vigo.*

#### *DECIMA.- Réxime xurídico.*

*O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 3 da Lei de contratos e administracións públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.*

*En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.*

*As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

#### *DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.*

*O presente convenio terá os seus efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2009.*

*As accións englobadas no presente convenio que o concello realizase dende o 1 de xaneiro do ano 2008, tamén se poderán subvencionar ó abeiro do mesmo coas achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración.*

*E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira.*

### 3.- PAGAMENTOS ASISTENCIAS ÁS SESIÓNS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 8136/332

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do IME, do 19.12.07, conformado polo xefe do Servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 3.289,50.-€ (TRES MIL DOUSCENTOS OITENTA E NOVE CON CINCOENTA EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO B (11/09/07 – 18/12/07) .....14 X 39,78.-€ .....	556,92.-€
Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B (27/09/07 – 18/12/07) .....17 X 39,78.-€ .....	676,26.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (09/10/07 – 17/12/07) .....8 X 36,72.-€ .....	293,76.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (18/09/07 – 18/12/07) .....11 X 36,72.-€ .....	403,92.-€
Zona 5.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C (11/09/07 – 18/12/07) .....7 X 36,72.-€ .....	257,04.-€
Zona 7.- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R, GRUPO D (07/09/07 – 18/12/07) ..... 16 X 36,72.-€ .....	587,52.-€
Zona 8.- ROCIO BRUZON ALCANIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO D (25/09/07 – 11/12/07) ..... 14 X 36,72.-€ .....	514,08.-€

### 4.- TRASLADO DA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA Ó 4º ANDAR DO EDIFICIO ASEFAL. EXPTE. 12378/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 2.01.08, que di o seguinte:

#### 1.- Antecedentes

*A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo foi constituída en maio de 2004, por iniciativa do Concello de Vigo. O Concello liderou o proxecto europeo no que se obtivo o apoio da Comisión para a constitución da Axencia de Vigo e a do Mar Negro en Varna (Bulgaria).*

*A presenza do Concello de Vigo no máximo órgano de goberno da Fundación concrétase na presidencia do seu Padroado e unha vogalía (actualmente tamén a vicepresidencia).O artigo 3 dos Estatutos da Fundación (que se transcribe integramente ao pé de páxina<sup>1</sup>) recolle o compromiso do Concello de Vigo de ceder un local en uso dentro da casa do Concello, sendo este ademais a sede social da Fundación. Os estatutos foron aprobados no*

#### 1 ARTIGO 3. DOMICILIO.

1. A fundación terá o seu domicilio en Vigo, en local cedido en uso dentro da Casa do Concello, sita na Praza do Rei, s/n. Poderá ser substituído tras o acordo do seu padroado coa inmediata comunicación ó protectorado na forma prevista na lexislación vixente.
1. Os órganos colexiados da fundación poderán realizar validamente reunións en calquera localidade dentro do seu ámbito territorial.
2. Poderán establecerse delegacións, subsedes, oficinas ou sucursais en calquera punto, mesmo fóra da comunidade autónoma, sempre que a medida responda ó principio de acadar unha maior funcionalidade e o achegamento da fundación os cidadáns.

*Pleno da Corporación Municipal, en sesión do día 24 de febreiro de 2003; posteriormente foi aprobada unha modificación en sesión do 23 de febreiro de 2004, que non afecta ao artigo 3 antes citado.*

*Dende a súa constitución, esta Fundación experimentou un notable crecemento que lle obrigou, en marzo de 2006, a alugar un local adicional na Cidade Universitaria, ante a imposibilidade do Concello de Vigo de dar resposta as necesidades de espazo para desenvolver a súa actividade. Así, dende esa data, a Fundación ten abertos dous centros de traballo moi distantes entre sí, o que causa importantes sobrecustes e dificultades adicionais para desenvolver a súa actividade.*

*Esta situación, unida as necesidades propias da Área de Servizos Xerais, onde actualmente está ubicada parte da Fundación, aconsellan buscar un novo emprazamento para ela, que por un lado permita a súa reunificación e crecemento, e por outro recuperar para a Área de Servizos Xerais o espazo cedido para a creación e consolidación da Fundación.*

*Actualmente, a Fundación dispón de 93 m2 nas dependencias da Cidade Universitaria e 30 m2 na segunda planta da Casa do Concello, no servizo de Electromecánicos. As necesidades de espazo a medio prazo, considerando un factor de crecemento do orde do 25 %, situaríanse en 150 m2 para o desenvolvemento das funcións actuais.*

*Nos fins fundacionais está contemplada a posta en funcionamento de un centro de documentación, e a realización de actividades de formación e educación en materia de enerxía e as implicacións que para o medio ambiente ten a súa produción e uso. Para o desenvolvementos de estes fins, de importante repercusión para a cidadanía, requiren a dotación de un espazo adicional, que se cuantifican en 100 m2 para o centro de documentación e 50 m2 para un aula de formación.*

*As estimacións anteriormente expostas totalizan unha superficie útil de 300 m2.*

*O Concello de Vigo dispón na actualidade dun espazo que se axeita a estes requisitos, na cuarta planta do edificio denominado "Asefal" situado na rúa Elduayen nº 36.*

*Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

- 1º.- Ceder á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo o uso da cuarta planta do edificio "Asefal" situado na rúa Elduayen, nº 36, para o desenvolvemento das súas actividades fundacionais.*
- 2º.- Cambiar o domicilio social da fundación a esa dirección, tras o acordo do Padroado e comunicación ao Protectorado de Fundacións da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.*

**5.- PROPOSTA DA ACTUACIÓN E PROTOCOLO DE COLABORACIÓN CONCELLO-ASOCIACIÓN FONTAIÑA. EXPTE. 5410/306**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, conformado polo técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e pola concelleira de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*I.1. A Xunqueira do Lagares constituía, ata o S.XVIII, un espazo de interese económico por mor da presenza dunha saíña da que aínda quedan restos do seu muro, empregándose a zona, ademáis, como couto de caza e pesca. Con posterioridade ó abandono da saíña foron aproveitados os pastos da zona para o gando e a recolleita de xunco e as zonas lamacentas para marisqueo e cebo de pesca.*

*Un elemento significativo da explotación do sal na Xunqueira era unha construción, en pedra de cachotería que, co nome de "CASA DAS SAIÑAS", cumpría a función de alfolí (almacén de sal) e que se atopaba en estado ruinoso no S.XIX.*

I.2. *Xa na década dos 90 do S.XX, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, a través da Dirección xeral de Costas, promove e executa a primeira fase do proxecto de “Acondicionamiento de la Junquera del Río Lagares”. Precisamente, dentro das accións previstas no citado Proxecto hai que salienta a construción, no lugar no que se atopaba o antigo alfolí, dunha edificación de planta baixa destinada a “Centro de Interpretación”, segundo proxecto redactado en 1994 polo enxeñeiro D. Xoán Novoa Rodríguez.*

*A superficie total cuberta deste Centro acaba, segundo a documentación do proxecto, os 82’50 m2, cun patio descuberto de 59’00 m2.*

*A construción está situada nunha parcela de propiedade municipal duns 5.012 m2 de superficie, situada no Polígono 121 (parcela nº 223), que conta coa referencia catastral 54057A121002230000BK.*

I.3. *Por diversas razóns, as obras incluídas na segunda fase daquel Proxecto non chegaron a iniciarse e, a día de hoxe, o “Centro de Interpretación”, nunca utilizado, presenta un estado absolutamente lamentable de abandono, como consecuencia de reiterados actos vandálicos (rotura de portas, ventás, lumes, lixo, pintadas, etc.) e roubos de material de obra (madeira, tella...) que o fan completamente inservible para o uso proxectado.*

*De feito, na actualidade sómente se conservan os muros de pedra das fachadas, formados por unha dobre folla de fábrica de pedra e as cerchas e pontóns de madeira da cuberta. Por outra banda, a edificación non conta con servizo urbanístico ningún (saneamento, abastecemento de auga e de enerxía eléctrica, telefonía, etc.).*



## II. INFORME

II.1. *Conscientes da necesidade de poñer fin de inmediato á situación descrita, e tendo en conta a grave carencia de infraestruturas públicas para a educación ambiental que padece a cidade de Vigo, desde a Concellería de Medio Ambiente realizáronse durante este ano 2007 diversas xestións tendentes a posibilitar:*

- a) *A regularización da situación xurídica do inmovible, tendo en conta que non constaba a cesión formal desa construción ó Concello por parte da Dirección Xeral de Costas. Neste sentido, a Xefa do Servizo de Costas, Sra. de Paz-Curbera, en reunión celebrada en Pontevedra o 02.10.2007, manifestou –diante da concelleira delegada de Medio ambiente do Concello de Vigo e dos técnicos municipais que abaixo asinan-, a dispoñibilidade dese organismo tanto para ceder o inmovible ó Concello como para autorizar as obras necesarias nel; non así para asumir –nin total ni parcialmente- o seu custo.*
- b) *A rehabilitación e acondicionamento da edificación para o uso previsto como “Centro de Interpretación”, encoméndandolle en tal sentido ó arquitecto da Oficina de Obras e Proxectos municipais da XMU, Sr. Piñeiro Ferradás, a redacción dun proxecto que, co título “Memoria valorada para o acondicionamento de edificación coma Centro de Interpretación na Xunqueira do Río Lagares” foi entregado no mes de agosto deste ano á Concellería de Medio Ambiente e consta no expediente de referencia.*

*Segundo esa Memoria, os elementos estruturais existentes atópanse en bo estado de conservación polo que os traballos recollidos nela o que pretenden é acadar as condicións mínimas de habitabilidade que permitan o seu uso. Para isto, prevese a execución dos seguintes traballos:*



- *Instalación de saneamento e de drenaxe e soleira de cimentación.*
- *Subministro e montaxe dos faldóns de cuberta, resoltos mediante dobre taboleiro de madeira con aillamento térmico e acústico, preparado para quedar visto pola cara interior e tella coma material de recubrimento exterior.*
- *Subministro e montaxe da carpintería exterior de aluminio anodizado con rotura de ponte térmica e acristalamento tipo climalit con folla de seguridade tipo stadip; incluídas persianas de seguridade que posibiliten o peche total da edificación.*
- *Pavimento interior antiesvarante e revestimento interior dos paramentos verticais mediante paneis tipo Pladur con aillamento térmico.*
- *Construcción dun aseo adaptado para o seu uso por persoas con minusvalías.*
- *Instalación eléctrica, incluíndo un sistema de calefacción baseado en acumuladores eléctricos con tarifa nocturna.*

*Estímase un prazo de execución deses traballos de 3 meses, contados desde a data da acta de comprobación de replanteo, e un presuposto de execución por contrata de 78.629,90 € (IVE incl.), no que non se inclúen os custos correspondentes á contratación de acometidas ós servizos urbanísticos (saneamento, abastecemento, enerxía eléctrica e telefonía), que deberían ser obxecto de contratación independente coas compañías subministradoras.*

- c) *O financiamento das obras de rehabilitación e acondicionamento. Neste sentido, establecéronse xa diversos contactos coa Admón. autonómica e con outras institucións, á vista da carencia de disponibilidad presupostaria para levalas a cabo con financiamento propio municipal.*
- d) *A xestión e posta en valor da “CASA DAS SAÍÑAS”, para o que, tralos contactos previos oportunos, solicitouse da ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente), entidade que ven colaborando desde hai tempo co Concello de Vigo noutros programas de educación ambiental, unha proposta de uso divulgativo, educativo e conservacionista deste local.*

*Esa proposta, asinada en data 10.09.2007 polo seu representante, Sr. González Martínez e que consta tamén no expediente, cumpre dabondo –a xuízo dos técnicos informantes- coas esixencias aplicables a un proxecto desta natureza, detallando perfectamente os seus obxectivos, ámbito de actuación, finalidades pedagóxicas e informativas, actividades por desenvolver, beneficiarios ou público destinatario, recursos humanos que se adscribirían, programación proposta, sistemas de avaliación previstos, etc.*

*Polo tanto, considérase conveniente plasmar xa neste momento a colaboración pretendida entre as partes nun Protocolo de colaboración no que se establezan as liñas xerais desa relación para que, tan pronto como se resolva a cesión do inmovible e o seu acondicionamento, poidan comezar de inmediato as actividades previstas no proxecto que vemos de comentar.*

### III. PROPOSTA

*Visto o que antecede e considerando a necesidade de materializar no prazo máis breve posible as actuacións iniciadas desde a Concellería de Medio Ambiente para a efectiva cesión, rehabilitación, posta en valor e funcionamento da “CASA DAS SAÍÑAS”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,*

#### «ACORDO

**PRIMEIRO:** *Solicitar da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente a cesión formal da edificación ubicada na parcela municipal con referencia catastral nº 54057A121002230000BK, situada na Xunqueira do Lagares e coñecida como “CASA DAS SAÍÑAS”, que fora construída por ese organismo como Centro de Interpretación ambiental, dentro das obras incluídas na primeira fase do proxecto de Acondicionamento da Xunqueira, así como a autorización necesaria para levar a cabo as obras de rehabilitación e acondicionamento que se describen na “Memoria valorada para o acondicionamento de edificación coma Centro de Interpretación na Xunqueira do Río Lagares”, redactada en agosto de 2007 pola Oficina de Obras e Proxectos Municipais, da que se remitirá un exemplar completo. O Concello de Vigo comprométese a conservar a edificación e a darlle o destino previsto.*

*SEGUNDO: Solicitar, a través da propia Concellería de Medio Ambiente, financiamento á Xunta de Galicia e a outras posibles institucións interesadas para a execución das citadas obras, cuxo presuposto de execución por contrata ascendería á cantidade total de 78.629,90 € (IVE incl.), sen incluír o custo da contratación de acometidas ós servizos urbanísticos.*

*TERCEIRO: Prestar conformidade ó «Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo (Concellería de Medio Ambiente) e a Asociación Fontaiña (Voluntariado e Medio ambiente) para a execución dun proxecto de uso divulgativo, educativo e conservacionista da CASA DAS SAIÑAS», redactado polos técnicos do Departamento municipal de Medio Ambiente, co texto transcrito en documento Anexo».*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.*

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN FONTAÍÑA PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE USO DIVULGATIVO, EDUCATIVO E CONSERVACIONISTA DA CASA DAS SAIÑAS, NA XUNQUEIRA DO LAGARES**

*En Vigo, o ..... de .....*

**COMPARECEN**

*Dunha parte, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, concelleira delegada de Medio ambiente do Excmo. Concello de Vigo, na representación legal que ostenta e de acordo coa delegación conferida pola Alcaldía-Presidencia o 05.07.2007, asistida polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup>. Margarita Belén Rubido Bara, titular do DNI nº 36120490-W, en calidade de Presidenta da Asociación Fontaiña (Voluntariado e Medio ambiente), con CIF nº G-36964146, domiciliada na rúa Ecuador, 85-3º (Vigo), CP 36204, nomeada para dito cargo mediante Asemblea Xeral Extraordinaria da que se achega copia da acta.*

*Os comparecentes recoñécense a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente protocolo de colaboración e, para estes efectos,*

**EXPOÑEN**

*1. O artigo 45 da Constitución española de 1978 recoñece o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado ó desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo, así como a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais para promover e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.*

*2. Os municipios, no ámbito da súas competencias, están legalmente facultados para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, ostentan competencias en materia de protección do medio ambiente, servizo considerado de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.f] e 26.1.d] da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e 81.d] e 80.2.f] da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*

*3. Seguindo as directrices emanadas do Cumio de Rio de Janeiro de 1992, o Concello de Vigo iniciou hai tempo o proceso de elaboración da súa Axenda 21 Local, considerada como un gran pacto social a prol da sustentabilidade e que aspira a converterse no programa ambiental rector para acadar un Vigo máis sostible en termos ambientais, económicos e sociais.*

*A educación ambiental é, sen dúbida, un dos piares fundamentais nos que se debe apoiar ese proceso de construción dunha cidade máis sostible, o que –entre outras cousas– demanda un maior esforzo por parte da Admón. municipal no tocante a obtención e xestión de dotacións e equipamentos básicos que poidan servir de soporte ós labores divulgativos relacionados co Medio ambiente e a natureza.*

4. A ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente) é unha asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída e inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 1993/003075-1 (PO) e adicada ó voluntariado medioambiental.

5. Dentro das accións previstas na primeira Fase do Proxecto de “Acondicionamiento de la Junquera del Río Lagares”, promovido pola Dirección xeral de Costas (Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente) executouse, no lugar no que se atopaba o antigo alfolí ou almacén de sal, unha edificación de planta baixa destinada a “Centro de Interpretación”, cunha superficie construída de 82’50 m2, cun patio descuberto de 59’00 m2., coñecida como “CASA DAS SAÍÑAS”.

6. Por diversas razóns, as obras incluídas na segunda fase daquel Proxecto non chegaron a iniciarse e o “Centro de Interpretación”, nunca utilizado, presenta hoxe un estado absolutamente lamentable de abandono, a resultas de reiterados actos vandálicos e roubos de material de obra que o fan completamente inservible para o uso proxectado.

7. A fin de remediar esta situación, desde a Concellería de Medio Ambiente realizáronse durante o ano 2007 diversas xestións tendentes a posibilitar a regularización da situación xurídica do inmovible, viabilizando a súa cesión formal ó Concello, a rehabilitación e acondicionamento da edificación para o uso previsto como Centro de Interpretación ambiental e a xestión e posta en valor da “CASA DAS SAÍÑAS”.

8. En relación con este último extremo, solicitouse da ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente), entidade que ven colaborando desde hai tempo co Concello de Vigo noutros programas de educación ambiental, unha proposta de uso divulgativo, educativo e conservacionista deste local.

Esa proposta, de data 10.09.2007, cumpre dabondo –a xuízo dos técnicos municipais- coas esixencias aplicables a un proxecto desta natureza, detallando perfectamente os seus obxectivos, ámbito de actuación, finalidades pedagóxicas e informativas, actividades por desenvolver, beneficiarios ou público destinatario, recursos humanos que se adscribirían, programación proposta, sistemas de avaliación previstos, etc.

9. Visto o que antecede, ambas dúas partes manifestan o seu común interese en plasmar a colaboración pretendida nun Protocolo de colaboración que permita, unha vez resolta polo Concello a cesión ó seu favor da edificación e o acondicionamento da mesma, o comezo inmediato das actividades previstas no proxecto. Este Protocolo formalízase con suxeición ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN.

I.1. Este instrumento ten por obxecto establecer as bases xerais da colaboración prevista entre o Concello de Vigo, a través do seu Departamento de Medio Ambiente, e a ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente) para a execución dun Proxecto de uso divulgativo, educativo e conservacionista da “CASA DAS SAÍÑAS”, na Xunqueira do Lagares.

I.2. Este proxecto tería como metas principais, as seguintes:

- 1) O desenvolvemento de actividades de educación ambiental, divulgación da natureza e conservación do medio.
- 2) Dotar ó Centro, progresivamente e en base ó financiamento obtido, dunha pequena exposición interactiva permanente relativa ó río Lagares e ó litoral de Vigo.
- 3) Empregar o recinto para exposicións temporais relacionadas coa temática ambiental e como punto base para actividades de educación ambiental con centros escolares.
- 4) Promover a divulgación ambiental na sociedade a través de conferencias, proxeccións, cursiños, visitas guiadas de ecoturismo, etc.
- 5) Favorecer a recuperación e conservación do litoral vigués e do río Lagares mediante actividades de voluntariado.
- 6) Constituir na “CASA DAS SAÍÑAS” un grupo estable de voluntariado cunha finalidade formativa, motivadora e divulgadora, aberta á participación de calquera cidadán.

I.3. En base ós obxectivos sinalados previamente, as actividades previstas serían:

- a) *Exposición permanente interactiva, relativa ó río Lagares e ó litoral de Vigo, con maquetas, xogos, paneis electrónicos con luz e son, acuarios de identificación e montaxes que podería manipular o visitante.*
- b) *Exposicións temporais relacionadas coa temática ambiental, dándosele preferencia a aqueles temas relacionados coas liñas de traballo deste centro de divulgación ambiental.*
- c) *Actividades de educación ambiental con centros escolares, como continuación do programa “Amigos da beiramar”, que actualmente a Asociación Fontaiña está a desenvolver con diversos colexios de Vigo.*
- d) *Divulgación ambiental na sociedade, a través de conferencias, proxeccións, cursiños, visitas guiadas de ecoturismo, etc., coa “CASA DAS SAÍÑAS” como lugar de encontro e celebración.*
- e) *Centro de voluntariado ambiental, no que se desenvolverían actividades de recuperación e conservación do litoral vigués e do río Lagares mediante actividades de voluntariado.*
- f) *Obradoiro da natureza: o recinto da Xunqueira do Lagares convertiríase tamén en local para as actividades deste proxecto de educación ambiental para rapaces de 8 a 12 anos de idade.*
- g) *Viveiro: co que se abastecerían parte das necesidades dos proxectos de conservación desenvolvidos polos voluntarios. Estaría especializado na produción de vexetación litoral e árbores de ribeira.*

## II. COMPROMISOS QUE ASUME O CONCELLO DE VIGO.

II.1. *O Concello de Vigo comprométese a xestionar coa maior dilixencia perante a Dirección Xeral de Costas a cesión formal ó seu favor desta edificación e a acondicionala debidamente para destinar a “CASA DAS SAÍÑAS” a Centro de interpretación ambiental, no que a ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente) levaría a cabo, coa colaboración municipal, o Proxecto de referencia durante un prazo inicial de 5 anos, desde a data de posta a disposición do local, prorrogable por outros 5 anos; todo isto, nos termos que, de ser o caso, se establezan no convenio que se aprobe en desenvolvemento do presente Protocolo.*

II.2. *As obras de rehabilitación e acondicionamento que neste momento se consideran necesarias para a posta en funcionamento da “CASA DAS SAÍÑAS” son as definidas na “Memoria valorada para o acondicionamento de edificación coma Centro de Interpretación na Xunqueira do Río Lagares”, redactada en agosto de 2007 polo arquitecto da Oficina de Obras e Proxectos municipais da XMU, Sr. Piñeiro Ferradás, que consisten basicamente en:*

- *Instalación de saneamento e de drenaxe e soleira de cimentación.*
- *Subministro e montaxe dos faldóns de cuberta, resoltos mediante dobre taboleiro de madeira con aillamento térmico e acústico, preparado para quedar visto pola cara interior e tella coma material de recubrimento exterior.*
- *Subministro e montaxe da carpintería exterior de aluminio anodizado con rotura de ponte térmica e acristalamento tipo climalit con folia de seguridade tipo stadip; incluídas persianas de seguridade que posibiliten o peche total da edificación.*
- *Pavimento interior antiesvarante e revestimento interior dos paramentos verticais mediante paneis tipo Pladur con aillamento térmico.*
- *Construción dun aseo adaptado para o seu uso por persoas con minusvalías.*
- *Instalación eléctrica, incluíndo un sistema de calefacción baseado en acumuladores eléctricos con tarifa nocturna.*

II.3. *O Concello comprométese, unha vez obtida aquela cesión, a realizar o mantemento e conservación da “CASA DAS SAÍÑAS”, sen minguar do deber da Asociación de velar polo seu coidado durante todo o prazo de execución do Proxecto, e a favorecer -na medida das súas posibilidades- a obtención de financiamento, propio ou alleo, para a realización das actividades previstas nel.*

II.4. *O Concello non asume ningún outro compromiso distinto dos sinalados anteriormente.*

## III. COMPROMISOS QUE ASUME A ASOCIACIÓN FONTAÍÑA (Voluntariado e Medio ambiente).

III.1. *A Asociación comprométese a levar a cabo o Proxecto de uso divulgativo, educativo e conservacionista da “CASA DAS SAÍÑAS”, na Xunqueira do Lagares, presentado á Concellería de Medio ambiente o 10.09.2007, cos obxectivos, actividades, calendario e recursos humanos que alí se relacionan; sen prexuízo das modificacións ou adaptacións que proceda introducir, unha vez acordadas co Concello e sen desvirtuar, en ningún caso, a proposta inicial.*

III.2. A Asociación comprométese a adscribir á execución do Proxecto un equipo técnico multidisciplinar capaz de xestionalo de forma axeitada e a manter unha permanente actitude de colaboración co Concello na consecución dos fins e obxectivos que no mesmo se conteñen.

#### IV. DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO.

Formalizada a cesión do inmovible ó Concello e realizadas as obras de rehabilitación e acondicionamento descritas, as partes poderán concretar, antes do inicio das actividades, todos os demais extremos referidos á xestión e utilización do Centro pola Asociación, nun convenio de colaboración específico.

#### V. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.

V.1. Para a correcta aplicación do aquí pactado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse e, de ser o caso, acordar os termos do convenio de colaboración que en desenvolvemento deste Protocolo poida celebrarse, constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo, do Departamento municipal de Medio Ambiente, e outro representante da Asociación.

V.2. As posibles discrepancias, de existir, procuraranse resolver amigablemente no seo desta Comisión e, en última instancia, pola Concellería delegada; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdiccionais que en Dereito procedan.

V.3. A Comisión reunirse cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes para avaliar en detalle a execución do Protocolo.

#### VI. NATUREZA XURÍDICA E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

VI.1. Este protocolo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación do RDLex.2/2000, do 16 de xuño, de contratos das Administracións públicas (Art. 3.1.d]) e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

VI.2. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### VII. RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución deste protocolo, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións e o mútuo acordo das partes.

#### VIII. VIXENCIA DO PROTOCOLO.

Este instrumento estará vixente desde o momento da súa sinatura e ata a completa execución do proxecto ó que se refire.

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Protocolo de colaboración no lugar e data expresados no encabezamento.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO 2007. EXPTE. 678/334.**

Mediante providencia de 2.01.08 a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Línquística, cumprindo coa base 31ª das de execución do orzamento xeral, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados durante os meses de novembro e decembro de 2007, que son os seguintes:

Expediente	654/334. Inserción dun anuncio do SNL de páxina completa interior impar no número de novembro da revista Longalingua
Decreto concelleira	data 29 de novembro de 2007
Informe Intervención	RC 70744
Adxudicatario	A MESA pola normalización línquística
Importe	783,42 euros

Expediente	657/334. Inserción dun anuncio do SNL de media páxina no xornal na 2ª quincena do decembro
Decreto concelleira	data 5 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 71495
Adxudicatario	Edicións A Peneira-Condado, S.A.
Importe	750,00 euros

Expediente	660/334. Edición e envío das actas do <i>III Congreso Internacional de Línquística Hispánica</i> que tivo lugar en Vigo, os días 18, 19 e 20/10/2007
Decreto concelleira	data 20 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 76668
Adxudicatario	Alejandro S. Veiga Rodríguez, en representación da Editorial AXAC, Comunidade de Bienes
Importe	3.000 euros

Expediente	661/334. Deseño gráfico e confección dunha lona de 2,86 m x 2,86 m, con texto conmemorativo do 100 aniversario do himno galego
Decreto concelleira	data 13 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 73422
Adxudicatario	HCO DESIGN-Héctor Carneiro Otero
Importe	808,00 euros

Expediente	665/334. Subministro de libros
Decreto concelleira	data 20 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 76642

Adxudicatario	Varios
Importe	11.350,00 euros

Expediente	666/334. Adquisición de recursos didácticos e lúdicos en galego
Decreto concelleira	data 20 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 76643
Adxudicatario	Baía Edicións, S.L.
Importe	8.610,25 euros

Expediente	667/334. Adquisición de mercadotecnia para publicitar o SNL
Decreto concelleira	data 20 de decembro de 2007
Informe Intervención	RC 76578
Adxudicatario	ALMA MATER, S.L.
Importe	3.227,50 euros

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

#### **7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA ACOMETER A SITUACIÓN EXCEPCIONAL DAS OFICINAS DE P. INCLUSIÓN E DE MIGRACIÓN MUNICIPAIS. EXPTE. 27779/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da área de Acción Social de data 04-01-2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

*“A situación vivida polo departamento de benestar social no remate do ano 2007 no canto a un exceso de actividade motivado polo peche anual do exercicio, xustificación de subvencións ou convenios, e realización de memorias, motivou a contratación de diverso persoal que permitira acometer ese exceso de actividade.*

*Neste momento, motivado polo remate da actividade do persoal contratado na oficina de Información Soiolaboral do Plan de Inclusión e da oficina de Atención a Inmigrantes e Emigrantes Retornados, debe acometerse unha solución urxente para que a actividade de ditas oficinas quede paralizada.*

*A actividade de ditas oficinas, no canto á atención ós usuarios das mesmas, non pode ficar paralizada de xeito algún.*

Por outra banda, o persoal que ten prestado servizo no departamento de benestar social durante este mes de decembro pasado, conta con experiencia no funcionamento das oficinas municipais para acometer temporalmente a tarefa de atención ós usuarios das devanditas oficinas de información sociolaboral e atención a migrantes.

Con data 28 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación ao convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do benestar da Xunta de Galicia e este Concello de Vigo, para a contratación e funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal para este ano 2008, no marco do II Plan Galego de inclusión Social,

Tal e como se recolle na cláusula sexta do devandito convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do benestar achegará a cantidade de 165.640 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.312 F .460.0 proxecto 2007.00095, para o que a Intervención da Vicepresidencia emitiu documento RC nº 2007-05-02498.

Isto ten motivado a tramitación do Expediente 27741-301 de modificación de crédito por transferencia de data 3 de xaneiro de 2008, solicitado para a partida de gastos 1310001 “Gastos de Persoal e Seguridade Social” , deste departamento de Benestar Social.

Así mesmo, téñense acometido os trámites para que con data 7 de xaneiro, a Xunta de Goberno Local acorde prestar aprobación ao convenio de cooperación entre a Consellería da Presidencia, Secretaría Xeral de Emigración e este Concello de Vigo, para a contratación e funcionamento dun equipo para a orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes e emigrantes retornados residentes no termo municipal para este ano 2008,.

Na cláusula terceira do devandito convenio especifica que a scretaría Xeral de Emigración achegará dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2008, unha vez aprobados, a cantidade de 81,854 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2008.04.50.312 C.460.0 (código proxecto 2007.00029), para o que a Intervención da Presidencia emitiu documento RC nº 2007-04-02651.

Isto ten motivado a tramitación do Expediente 27744-301 de modificación de crédito por transferencia de data 3 de xaneiro de 2008, solicitado para a partida de gastos 1310002 “Gastos de Persoal e Seguridade Social oficina inmigración” , deste departamento de Benestar Social.

Polo exposto, dada a necesidade de persoal manifestada por mor do funcionamento das oficinas de Inserción sociolaboral da oficina do Plan de Inclusión e da oficina de atención a migrantes, existindo dous convenios que dan cobertura económica ás necesidades de persoal, e namentras non se aclara a situación das oficinas referidas, contando con dotación orzamentaria suficiente e adecuada e con persoal que por mor do seu traballo neste departamento durante o mes de decembro, de acordo coa análise de custos realizada para o mes de decembro de 2007, enténdese adecuado acometer a contratación temporal polo período de cinco meses do seguinte persoal :

Traballadoras sociais : - D<sup>a</sup> Silvia Martínez Guede, Dni 36142885H; D<sup>a</sup> Paula Gómez Figueiro, Dni 77000390R; D<sup>a</sup> Azucena Malvido Rodríguez, Dni 78739579 E; e D<sup>a</sup> Angela García Martín, Dni 07850781F.

Auxiliares Administrativas: D<sup>a</sup> Sofía Prego de Oliver de Castro, Dni 34995533K; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belén Gómez Montesinos, Dni 36073746V; e D<sup>a</sup> Beatriz Fernández Iglesias, Dni 36053544D.

Dúas subalternas: D<sup>a</sup> Josefa Iglesias Campa, Dni 36107073V, e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Gil Alonso, Dni 36135964C.

Por todo o anteriormente indicado, no canto á necesidade de que as oficinas de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal, no marco do II Plan Galego de inclusión Social, por unha banda e da oficina para a orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes e emigrantes retornados residentes no termo municipal, por outro,

Proponse a esa Xunta de Goberno Local :



*Primeiro : A contratación ata o 31 de maio do presente ano 2008,*

- a) con cargo á partida de gastos 1310001 “Gastos de Persoal e Seguridade Social” das traballadoras sociais : D<sup>a</sup> Azucena Malvido Rodríguez, Dni 78739579 E; e D<sup>a</sup> Angela García Martín, Dni 07850781F, da auxiliar administrativa : D<sup>a</sup> Sofía Prego de Oliver de Castro, Dni 34995533K; e da subalterna, D<sup>a</sup> Josefa Iglesias Campa, Dni 36107073V. A contratación deste persoal, permitirá o funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal, no marco do II Plan Galego de inclusión Social.*
- b) con cargo á partida de gastos 1310002 “Gastos de Persoal e Seguridade Social oficina inmigración” , deste departamento de Benestar Social, das traballadoras sociais : D<sup>a</sup> Silvia Martínez Guede, Dni 36142885H e D<sup>a</sup> Paula Gómez Figueiro, Dni 77000390R; das auxiliares administrativas D<sup>a</sup> Beatriz Fernández Iglesias, Dni 36053544D, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belén Gómez Montesinos, Dni 36073746V e a subalterna, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Gil Alonso, Dni 36135964C. A contratación deste persoal permitirá o funcionamento da oficina para a orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes e emigrantes retornados residentes no termo municipal.*

*No caso de que se modificara a situación laboral en relación a este Concello de Vigo, dalgunha das traballadoras indicadas anteriormente, por mor de que é persoal da derradeira OEP do 2005, solicítase que manteña o desenvolvemento da súa actividade neste departamento, atendendo ás razóns expostas.*

*Segundo : Por outra banda, e como aparece recollido na dilixencia remitida á oficina de persoal en data 2 de xaneiro asinada polo Xefe de Área de Acción Social e a Concelleira de Benestar Social, por mor das condicións expostas, propónse a contratación dentro do equipo de Inclusión Sociolaboral, no Marco do Segundo Plan Galego de Inclusión Sociolaboral, para este ano 2008, con cargo á partida de gastos 1310001 “Gastos de Persoal e Seguridade Social” existindo dotación orzamentaria suficiente, a contratación de Nuria María Nuñez Aboy, con NIF : 36084011-R , auxiliar administrativo, polo período dun ano (ata o 31 de decembro de 2008), dado que ven desenvolvendo o seu traballo neste equipo dende o 12 de marzo de 2007, e que posúe os coñecementos necesarios para elo.*

*Tras da aprobación deste acordo, remitirase ó departamento de persoal para que proceda á contratación do persoal indicado, nos termos que proceda e con cargo as partidas orzamentarias indicadas.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8. - ROGOS E PREGUNTAS.**

O tenente de alcalde, Sr. Concelleiro Santiago Domínguez Olveira ,formula a seguinte pregunta: Que polo Sr. Concelleiro delegado de Seguridade se aclaren e se expliquen cales foron as normas que se aplicaron para regular o acceso á sesión plenaria realizada o día 29.12.07.

O Sr. Concelleiro Delegado de Seguridade responde que nas primeiras horas da mañá dese día había cidadáns que agardaban a apertura das portas do Concello, tanto na Praza do Rei coma na porta de acceso á Xefatura da Policía Local. Que sendo aproximadamente as 8,30 h houbo en ambas portas de acceso conatos de agresión e empurróns adoptándose a estricta decisión de que accederan á Casa Consistorial os cidadáns que se atopaban en primeiro lugar, para iso, co fin de evitar situacións de violencia e non alterar a orde dos que se atopaban nos primeiros lugares, que foran desplazados, se habilitou para estes a entrada pola porta do garaxe.

O Sr. Concelleiro Delegado de Seguridade sinala que as sete ou oito cadeiras valeiras do Salón de Plenos correspondían a reservas efectuadas a medios de comunicación que finalmente non acudiron á sesión.

O Sr. Concelleiro Domínguez Olveira manifesta a súa protesta. Acepta as explicacións realizadas expoñendo, non obstante, que non aclaran os feitos acaecidos en tanto en canto existiron persoas que se atopaban nos primeiros lugares pero que a pesar diso non poderon acceder á Casa Consistorial. Manifesta, así mesmo, a súa protesta por non ter comunicadas as decisións que se adoptaron ó grupo político municipal do BNG na súa condición de socio de goberno municipal e que ante feitos de indudable transcendencia e importancia o seu grupo non pode enterarse dos sucesos a través das protestas formuladas pola oposición municipal. Conclúe reiterando a súa protesta polas decisións adoptadas e pola ausencia de información das mesmas. Sinala que no futuro os membros do seu grupo ausentaranse da sesión e abandonarán o Pleno no suposto de que se reproduzan estas circunstancias.

A Delegada municipal de Urbanismo, Sra. Silva, indica que na Praza do Rei houbo nese día actitudes antidemocráticas e violentas dirixidas a certas persoas que tiñan a vontade de acceder ó salón de sesións e que a convocatoria do Pleno para proceder á aprobación provisional do PXOM quixo ser aproveitada por algúns para evitar a súa realización e normal desenvolvemento mediante chamadas previas á violencia, razón que explica o acertado da decisión do Sr. Concelleiro Delegado de Seguridade. Indica que no futuro as sesións do Pleno non poderan ser mediatizadas pola actitude antidemocrática dunha minoría cidadá que non representa a ningún, actitudes que deben ser respostadas, non con autoritarismo pero si con firmeza mediante a aplicación estricta da legalidade.

O Sr. Domínguez Olveira sinala que coincide na idea de que ante actitudes de violencia e antidemocráticas a resposta debe ser firme pero que iso non explica que na mañá do día 29 de decembro no interior do salón de sesións se atoparan persoas que non foron sometidas ós requisitos que se seguiron con outras que finalmente non poderon acceder e que deses feitos provén a súa queixa e a súa protesta. Reitera que non comparte as explicacións facilitadas polo concelleiro de Seguridade e que en todo caso as decisións adoptadas deberon ser postas en coñecemento do seu grupo.

O Sr. Calviño indica que nese día houbo que adoptar decisións de seguridade inmediatas e que o certo é que determinadas persoas que se atopaban nos primeiros lugares de espera foron desprazadas e que finalmente se optou por que as mesmas accedieran pola porta do garaxe dos membros da Corporación. Finalmente advierte que o feito de que a través desa medida accedieran unhas ou outras persoas non responde a unha decisión de precisión matemática pero que con ella se procurou favorecer a aqueles cidadáns que se atopaban nos primeiros lugares de espera pechando finalmente o acceso cando foron ocupadas a totalidade das cadeiras disponibles para o público.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.